

# Lugo marca os retos da museoloxía social

A Conferencia Internacional MINOM pon o foco na busca da sostibilidade

VÍCTOR LÓPEZ / S. V.  
LUGO / LA VOZ

O mundo mira a Lugo con tinguiduras de cobiza nos ollos, e non é para menos. Encarna Lago, directora da Rede Museística Provincial de Lugo, Silvia Blanco, directora do Museo Natura Ibérica de Carracedelo, Ana Goy, profesora de Humanidades na USC, e Maite Ferreiro, vicepresidenta da Deputación, participaron onte na presentación da Declaración Lugo-Lisboa, un documento que sintetiza as conclusións adoptadas na Conferencia Internacional sobre Museoloxía Social de cara a unha aposta pola sostibilidade social, económica, medioambiental e política para construír o tecido museístico do futuro máis próximo. O epicentro das mesas de traballo foi a provincia de Lugo, que se coroou como arquetipo dos museos que colocan ás persoas como eixe central da súa actividade.

Este congreso, organizado pola Rede Provincial en colaboración coa USC e a Universidade Lusófona de Lisboa, serve como posta en valor «do traballo que se fai dende os nosos museos e a nosa universidade para conectar con propostas culturais e académicas a nivel internacional», tal e como destacou Maite Ferreiro, que cualificou o resultado como «unha experiencia de cooperación inédita que sitúa a Lugo na vangarda da museoloxía social».

## Un labor complicado

Non era un reto sinxelo. De feito para sacar adiante a Declaración Lugo-Lisboa foi necesario, segundo palabras de Encarna Lago, «un intenso debate». Se a iso sumamos todas as adversidades ás que o grupo de traballo se tiño que enfrontar a súa publicación pode definirse como «un fito histórico», que, aínda que estaba previsto sacar á luz hai uns meses,



Publicación da Declaración Lugo-Lisboa, no Pazo de Tor, en Monforte de Lemos.

está xa connosco. Xa se sabe que se hai pracer nunca é tarde.

O documento, que se leu no salón de actos do Pazo de San Marcos, resulta dunha vital importancia para a trama museística lucense e global. Nel sinálanse os retos aos que terán que enfrontarse os museos no ámbito social, ambiental, político e económico, así como as claves para avanzar na transformación dos museos en base a unha nova forma de entender a súa oferta, construída «coas persoas e para as persoas», salientou Encarna.

## Traballo en equipo

Tanto a vicepresidenta da Deputación de Lugo como a directora da Rede Museística tiveron mostras de agradecemento para toda a malla colaborativa e para un sistema de alianzas «que se espalla polos 67 municipios da provincia». A Declaración Lugo-Lisboa convértese dende hoxe nun

patrón a seguir e nun exemplo de democratización cultural onde universidade, museos, axentes políticos e cidadanía se dan a man para traballar xuntos por unha nova realidade.

## Os dez puntos do tratado

A Conferencia Internacional MINOM, que se realizou este ano por primeira vez de xeito virtual, contou coa inscrición de máis de 600 persoas de todo o mundo, xesta que deixa en evidencia o interese que suscitou a súa temática e a necesidade de apostar por unha museoloxía social que se adapte aos cambios da comunidade e se mantéña en constante evolución.

O tratado, que defende o papel dos museos como espazos de convivencia para todas as persoas, pretende pór en valor «o patrimonio, a memoria e os seus soños de futuro».

A Declaración Lugo-Lisboa

synetiza en dez puntos aspectos como a promoción do rol socioafectivo dos museos, que tratarán de integrar á veciñanza e de traballar con ela, ou a defensa dun modelo innovador, responsable e activo, que se aproxime máis á realidade actual que á de tempos arcaicos.

Fomentar o coñecemento, desenvolver o instinto creativo e resolver os problemas de exclusión, violencia ou desigualdade tamén están entre os seus obxectivos para vindeiros exercicios.

Por último, a carta insiste no deber de apoiar a protección dos dereitos humanos, así como en dar cabida a procesos de aprendizaxe e investigación que non deixen fóra a ningún dos grupos xeracionais. Pero, sen dúbida, se hai algo no que se fai fincapé é en buscar a sostibilidade nos catro ámbitos dimensionais que enfiláron tanto o congreso como o convenio.

## DESDE EL ALTO

¡Ay!

¡M

Emilio R. Pérez

aldita seal Aca- bo de despertar-me, pongo los pies en el suelo y... ¡Raros! ¡Menudo latigazo que me larga el dedo gordo del izquierdo! Vaya, hombre, otro asiento más en la columna de mi debe orgánico, que cuenta ya con unos cuantos. A saber:

—Un par de vértebras lumbares que están deformes (artrosis, dice mi médica) y no me dejan hacer *running* ni dar saltos de alegría. Aunque sí al vacío. Algo es algo.

—Una hernia inguinal del lado diestro, que espera que la operen para el año de la pera.

—Y otra hernia de hiato, que, aunque pille por el centro, como ustedes saben, suele presentarse por razón de excesos.

—El hombro izquierdo, las rodillas, el lumbago... seguiría enumerando, pero me quedo sin papel.

Bien. Este alentador parte de guerra es parte del espléndido estropicio que albergan mis fronteras. Solo falta que me corran a gorrazos por tan pésimo balance, o que me adulen y jaleen como a alguien que yo sé con magníficos aplausos. Que eso sí, ya ven.

Qué desastre. Pero bueno, se puede estar peor. En Lugo hay más de veinte mil jubilados como yo y muchos me superan. Eso creo. Y bastantes que aún no lo son, también. Así que aun a pesar del sugerente título que he puesto, no me quejo y aun así lo dejo ahí, presidiendo. Qué se le va hacer. Ríamosele la gracia al dedo y apliquémonos la sabiduría del refranero: Virgencita, Virgencita, que me quede como estoy.

Desde mi ventana aquí en el alto no alcanzo a ver el cementerio. No es que me ilusione demasiado, claro, pero bueno, tiempo al tiempo. Llegado ese momento, mi epitafio dirá esto: ya no me duele nada, compañeros.



PRINTED AND DISTRIBUTED BY PRESSREADER  
PressReader.com +1 604 278 4604  
COPYRIGHT AND PROTECTED BY APPLICABLE LAW